

# Jerrie Cobb

## 1931 -

*Unha muller ten que ser o dobre capaz que un home para chegar a metade de lonxe.*

*Fannie Hurst*

Experimentada aviadora desde os seus 18 anos, foi seleccionada para se someter ás mesmas probas que os primeiros astronautas varóns da NASA. Superou todas con éxito, pero finalmente impediúselles viaxar ao espazo por non ser piloto militar, posto vedado ás mulleres. O machismo da época non podía permitir que entre as primeiras pisadas na Lúa estivesen as dunha muller.

Farta de que a discriminación chegase ao espazo, abandonou a súa carreira de astronauta para se dedicar desde hai máis de 40 anos a levar persoalmente medicinas, sementes, coidados...a diversas tribos amazónicas na súa avioneta. Por este labor foi proposta para o Premio Nobel da Paz.



Fotografía de Jerrie Cobb, cortesía de NASA Johnson Space Center (NASA-JSC)

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		<b>1</b> 1902 Nace Lola Iurbe, sindicalista libertaria, correspondente de guerra e escritora.	<b>2</b> 1942 Nace Isabel Allende, escritora chilena. "Cuentos de Eva Luna".	<b>3</b> 1916 Nace Adelita del Campo, bailarina e actriz. "Organización de Mujeres Libres".	<b>4</b> 1948 Falece Mileva Maric, matemática.	<b>5</b> 1939 Foron fusiladas en Madrid 13 adolescentes, "as trece rosas", das J.S.U.
<b>6</b> 1949 Nace en Mallorca, Margalida Mori Rosello, campioira de España de Tiro Olímpico.	<b>7</b> s.IV Ágape, mestra e compañeira de Prisciliano, fundadora da seita das agapecas.	<b>8</b> 1857 Nace Cécile Chaminade, pianista e compositora francesa.	<b>9</b> 1897 Nace Marta Brunet, escritora chilena representante da narrativa crioulista.	<b>10</b> 1904 Nace Norrui Sheare, actriz canadiana.	<b>11</b> 1972 Joane Somarriba, Triple Campioira do Tour, dobre ganadora do Giro e do Mundo de contrarreloxo.	<b>12</b> 1914 Amnistía para as sufraxistas inglesas encadeadas por defender o dereito ao voto.
<b>13</b> 1934 Nace Maria Cascales Bioquímica. 1ª Muller da Real Academia de Farmacia.	<b>14</b> 1960 Nace Sarah Brightman, soprano británica.	<b>15</b> 1896 Nace Gerty Cori, Nobel de Fisiología, Estudos sobre fosforilación de azúcares.	<b>16</b> 1944 Nace Soledad Becerril, 1ª muller ministra da democracia española.	<b>17</b> 1993 Susan Sontag, Príncipe de Asturias, montañista en Saraxevo. "En attendant Godot".	<b>18</b> 1920 Recoñéceneselles ás mulleres o dereito ao voto nos EUA.	<b>19</b> 1936 Juana Capdeville e Maria Vázquez son fusiladas en Ribade e Ponteume, de
<b>20</b> 1900 Nace en Cuba, Rita Montaner, unha das máis grandes cantantes cubanas.	<b>21</b> 1946 Apróbese na Arxentina a Lei sobre Dereitos Políticos da Muller (voto feminino).	<b>22</b> 1947 Nace Rosa Pereda, escritora santanderina. Escribe "O triángulo amoroso: desexo, sexo ou traizón".	<b>23</b> 1909 Chega a Mellilla Carmen de Burgos "Colombine", 1ª muller corresponsal de guerra.	<b>24</b> 1781 Último Auto de Fe da Inquisición Sevillana. Condena a morte a "a beata cega".	<b>25</b> 1995 "O contradiscurso das mulleres" de Carme Blanco, 1ª hria, en galego do Feminismo.	<b>26</b> 1898 Nace Peggy Guggenheim, coleccionista e galerista de arte.
<b>27</b> 1932 Nace Antonia Fraser, historiadora e escritora inglesa.	<b>28</b> 1981 Iníciase a marcha de mulleres contra a OTAN en Greatham Canmor. Durou 13 anos.	<b>29</b> 1873 Nace en Madrid Mª Goyri, pedagoga e escritora feminista. 2ª muller licenciada.	<b>30</b> 1797 Nace Mary Shelley, escritora inglesa autora do clásico Frankenstein.	<b>31</b> 1934 Mercedes Romero, mestra socialista na Coruña, é detida, torturada, violada e fusilada aos 23 anos.		

Mulleres Que Tocaron O Ceo  
Tempo de mulleres. Mulleres no tempo 2012

